

**CONCELLO de RAMIRAS**

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 - Ramirás - Ourense

BANDO**ISABEL GIL ÁLVAREZ, ALCALDESA DO CONCELLO DE RAMIRÁS,**

Con relación á Vixilancia sanitaria da auga de abastecemento no Concello de Ramirás, **FAGO SABER Á VECIÑANZA**

É dabondo coñecida a delicada situación que atravesa o abastecemento de auga potable do Concello de Ramirás, dende fai máis de 6 anos, debido á incidencia do arsénico no período estival.

Para paliar esta situación, estase a subministrar auga totalmente potable en camións cisterna para abastecer á poboación. Non obstante, as cifras de consumo de auga son moi elevadas e difíciles de soste para un concello pequeno como é o Concello de Ramirás

Ante esta situación, e para garantir a saúde dos veciños, vaise proceder á limpeza da balsa de captación sita xunto á minicentral Tuño II,

Polo exposto, durante o período no que se van a desenrolar as labores de limpeza da balsa de captación de auga.

1. Restrínxese o consumo de auga ao ámbito puramente doméstico.
2. Prohíbese o uso da rede pública municipal de abastecemento de auga potable para para todos aqueles usos distintos do doméstico; a saber, rega de xardíns e hortos privados, parques, públicos e privados, piscinas, patios, tanques de rega, etcétera.
3. Prohíbese o baldeo de rúas, salvo casos de emerxencia.
4. Dende o Concello de Ramirás, ínstase á poboación a un uso racional da auga para conseguir un maior aforro no consumo, que permita garantir de maneira permanente a súa subministración, evitando deste xeito a adopción de outras medidas como poderían ser os cortes puntuais do subministro.
5. Unha vez se acade o restablecemento da situación de normalidade, porase en coñecemento dos veciños.

En Ramirás, a Alcaldesa

Isabel Gil Álvarez

